




AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS

As relacións semánticas

- Son as relacións que se dan entre as palabras atendendo ao seu significado.
- **Sema**: trazos significativos das palabras. Ex.: *cadeira: asento, con respaldo, con patas...*
- **Semema**: conxunto de semas.
- **Lexema**: unidade mínima dotada de significado e significante.

Tipos básicos de significado

- **Denotativo**: propio, real, obxectivo.
 - Mar: gran masa de auga.
- **Connotativo**: adquirido nun contexto determinado, subxectivo.
 - Mar: liberdade, morte, traballo, esperanza...

Tipos de Relación Semántica

- Sinonimia.
- Polisemia.
- Homonimia.
- Antonimia.
- Campos semánticos.
- Xerarquía semántica.

Casos

- Un significante = un significado: monosemia.
- Un significante = varios significados: polisemia e homonimia
- Un significado = varios significantes: sinonimia.

Sinonimia

Relación que se dá entre as palabras que tendo distinto significante teñen o mesmo significado.

Tipos de Sinonimia


- **Sinonimia absoluta:** dáse cando os termos son moi semellantes e conmutables en calquera contexto. Ex.: *máscara e carauta, cerca e preto, raposo e golpe, bicos e beixos...*
- **Sinonimia parcial:** dáse cando os termos teñen o mesmo significado pero só en determinados contextos. Ex.: *listo e intelixente, mirar e observar, chapar e memorizar.*

Polisemia

- Un só significante ten varios significado.
- As palabras polisémicas figuran no dicionario cunha soa entrada.
- Teñen a mesma orixe (un só significante no seu étimo).
- Xeralmente pertencen á mesma clase de palabras.
- Xeralmente hai algunha semellanza no seu sgdo.
 - *Serra: 1. Instrumento cortante. 2. Sucesión de montañas*
 - *Xornal: 1. Soldo, paga. 2. Publicación diaria.*

Homonimia

- Para un mesmo significante existen dous significados. Teñen orixe diferente.
- Figuran no dicionario con entradas distintas.
- Xeralmente pertencen a diferente clase de palabra.
- Xeralmente non hai ningunha semellanza nos significados.
 - *Golpe1 (<colpu): pancada, choque. /– Golpe2 (<vulpu): raposo.*
 - *Doce (numeral)/Doce (dozura).*
- Tipos:
 - **Homógrafas**: mesma escritura. Ex.: *vela (dun barco) / vela (ver+a), queixo (parte do corpo ou alimento).*
 - **Homófonas**: mesmo son. Ex.: *baca/vaca, balor (mofo)/valor (valentía)...*



Antonimia

- Relación que se dá entre termos opostos.

Tipos de Antonimia


- **Antonimia gradual:** dáse cando entre os termos encontramos fases intermedias. Ex.: *frío e quente*.
- **Antonimia complementaria:** dáse cando non aparecen fases entre ambos os termos, exclúñse un ao outro. Ex.: *vivo e morto*.
- **Antonimia inversa ou recíproca:** dáse cando a existencia dun dos termos obriga a que exista o outro. Ex.: *comprar e vender*.

Campos Semánticos

- Conjunto de palabras que comparten trazos de significado (semas).
- Ejemplo:
campo semántico dos medios de transporte:
coche, bici, moto, avión, tren, camión, barco...

Relacións Xerárquicas

- Entre as palabras hai tamén unha relación de xerarquía, é dicir, hai palabras que engloban a outras máis específicas.
- **Hiperónimos:** son as palabras usadas como termo xenérico.
- **Hipónimos:** termos específicos que se utilizan dentro dun campo.
- **Cohipónimos:** son os hipónimos que teñen o mesmo hiperónimo.



Cambios semánticos.

Causas

- **Lingüísticas:** contaxio (*lince*: animal/que as pilla todas) ou elipse (*liña* por coche de liña).
- **Históricas:** *pluma* (ave/escribir)
- **Socio-culturais:** *vándalo* (de ser un pobo pasou a aplicarse ao que destrúe todo).

Tabú e eufemismo

- **Tabú:** palabra considerada vulgar, inoportuna ou con connotacións negativas. Ex.: *retrete, cagar, gordo, vello, feo...*
- **Eufemismo:** as palabras “feas” (disfemismos) son substituídas por outras que as atenúan ou as encobren. Ex.: *lavabo, facer de ventre, obeso, terceira idade, pouco agraciado...*

RELACIONES SEMÁNTICAS



Establécense entre significados

Palabra monosémica
(sofraxe)  **significante**
 **significado**

Palabra polisémica
(ollo)  **significante**
 **significados**

homónimos  **significantes iguais**

 **significados diferentes**



entradas diferentes no dicionario

(golpe - choque / golpe - raposo)



homófonos



homógrafos

Sinónimos



absolutos
(xoaniña = reirrei)



parciais
(matar / asasinar)



Complementarios
(muller/home)

Opostos



Antónimos
(triste/alegre)



Recíprocos
(falar/escoitar)

Hiperónimo



(mamífero)

Hipónimo



(humano, besta, moreego)

Campo semántico



palabras coa mesma
categoría gramatical

palabras que comparten
un significado

(noca, sofraxe, ombreiro, van)

Familia léxica



conxunto de palabras co mesmo lexema
(lector, lectura, lectorado)



A profa, 2013
licenza Creative Commons
Recoñecemento
Non comercial
Compartir igual

Piktochart
make information beautiful